



...ENTROIDO

Como todos os anos celebramos o Entroido no Colexio. Desfilamos polos corredores e escaleiras todos os rapaces. A mín gústame ver tantos disfraces. É moi divertido. Tamén a xente ao ir disfrazada atrevése a facer bobadas e pásase moi ben. As comidas do entroido son moi ricas. A mín o que máis me gusta é comer algunha carne de porco con patacas e filloas con "nocilla". Este ano vestínme de sevillana. O meu vestido era de cor amarela. Regaloume unha amiga da miña nai que vive en Jerez de la Frontera. Os zapatos eran negros de tacón. Mancábanme porque eran doutro ano e os meus pés medraron, pero aguantei. Quería que me viran cos zapatos de tacón. Todo foi moi bonito pero o que máis me gustou foi facer carautas na clase. Ata o ano que ven.

ANA MARTÍNEZ LEBORÁNS. 2ºB



...DITOS

O que ten vergoña nin xanta nin almorza.

Martes de Entroido Cando has vir? Canguñas de ovos case habedes de ruxir.

Mesa posta, Mesa erguida que o moito xantar, fai doer a barriga

ALICIA MOURE. 2ºC

...POEMAS

Lindo, lindoño é o entroidiño filloas e viño van para o papiño.

Entroidiño, entroidiño gústame ben. filloas, orellas imos comer como unhas vellas das pandeiretas.

Estou no entroidiño Que lindo é! Atopeime con Albertiño e bailei na punta do pé.

Filloas e orellas para as merendas de todas as nenas.

UXÍA GÓMEZ NOIA, ALBERTO ÁLVAREZ, PATRICIA PALLAS.



Busca as 10 palabras relacionadas co entroido nesta sopa de letras

P	I	R	A	T	A	O	L	Z	R
R	C	E	N	T	R	O	I	D	O
I	A	T	R	A	C	A	D	O	R
N	L	O	C	E	M	L	F	C	R
C	L	N	I	N	X	A	O	Z	O
E	E	H	G	O	C	O	C	O	Z
S	R	Z	O	F	O	S	A	R	R
A	O	F	A	L	N	N	L	H	C

VICENTE PÉREZ SOLOVIEV. 4ºB

O ENTROIDO É ...

Entroido é unha festa moi divertida, porque nos disfrazamos, facemos antifaces e máscaras.

Desfilamos polos pasillos de todo o colexio. Traballamos na clase falando do Entroido.

Nas casas facemos comidas especiais coma orellas, filloas, cachola de porco.



SANDRA REMEDIOS 2ºC





OUTRAS ACTIVIDADES



A GRANXA SERANTELOS



O día 19 de decembro, 71 alumnos do Pío XII fomos á granxa de Serantellos. Acompañábonos 3 profes e Paqui. Alí dividíronnos en catro grupos (gatos, cochos, vacas e pitos). Cada monitor acompañou a un grupo para facer pan, visitar animais e ir á horta.

Facer pan

A monitora explicounos as partes do muíño e moeu uns grans de centeo. Nós peneiramos fariña, que Bárbara engadiu ao centeo con auga quente, sal e levadura.

Con todo isto amasamos un boliña, que unha vez cocido papamos cada un de nós. Qué rico!

Os animais

Pombas, faisáns, galiñas, parrulos, oucas, quicos, cans, coellos, cochos, ponis, ovellas, cabras, fixéronnos estar moi ledos. Sen dúbida o meu preferido é a cobaia.

A horta

Aquí fixemos regos na terra con garfos reciclados.

Logo sementamos chícharos e centeo e abonamos con compost.

O compost

Colaboramos na súa formación recollendo follas, flores e demais materia orgánica.

En fin, un día moi frío pero sen choiva. Unha viaxe sen accidentes. Unha data inesquecibel...e por riba ¡un xantar estupendo!



A MAGA ESTHER



MIGUEL, RAQUEL MIRAS, SARA MORATO, ALBA, GLORIA, SILVIA, ANDREA. 2ºB

Aos que lle axudaron regaloulles animais, unha flor, unha coroa cun corazón, un cinto e unha espada, feitos moi rápido con globos.

Rematou sacando a unha nena á que lle deu dous papeis pinocho de distintas cores.

Esther tamén os tiña. Ían dobrando e rachando os papeis, a nena ao final tiña unha morea de papeis rachados e Esther sacou un sombreiro moi bonito de verán que llo regalou á nena. Que sorte tivo!

Este curso volveu Esther, a maga, a facernos maxia.

O primeiro que nos dixo ao empezar foi que tiñamos que ler moito, ao mellor así chegabamos a ser magos coma ela.

Todo o que fixo era moi guai: colgou uns calcetins sen parella nun tendal e logo meteunos nun sombreiro máxico e coa axuda de dous nenos máis unha profesora fixo o xogo que era que cos ollos pechados, un rapaz sacaba un calcetín do sombreiro e a profesora tamén sen mirar sacaba outro calcetín e a maxia era que formaba parella co do rapaz.

Con globos deulle un regalo a profesora: un corazón vermello con dúas pombiñas brancas bicándose. Foi un bonito regalo.

Despois o de Merlin, que dunha bolsa que tiña moitos debuxos, unha nena cos ollos pechados sacou un, sen ensinalo; logo mandou chamar a Merlin tres veces para que fixera un debuxo nunha pizarra e resultou ser o mesmo que sacara a nena.

No mes de xaneiro visitounos aos alumnos do colexio, unha maga que facía trucos de maxia. Escolleu algúns dos espectadores para axudala no increíble espectáculo infantil e despois premiounos pola súa colaboración.

Primeiro sacou uns calcetins e os colaboradores tiñan que escoller un cada un. A continuación estas dúas prendas de roupa tiñan que aparecer iguais nunha bolsa que a maga tiña. Na segunda actuación, a maga cos seus axudantes fixo que Merlin nos visitara. Pasámolo moi ben e foi moi interesante, aínda que non nos decatamos de que Merlin "ese ser máxico" dos contos, viñera a facer das súas cousas ao noso colexio.



MARTA 4ºB

O 12 de marzo viñeron uns músicos dunha banda folclórica chamada Caldaloba.

Eu xa os coñecía de hai cinco anos, porque con anterioridade, explicáronnos características dos instrumentos tradicionais do folclore galego.

Esta vez contáronos un pouco da historia e o funcionamento dalgúns instrumentos galegos como a requinta, o birimbao, a tixola, as cunchas, a gaita e a zanfona.

Explicáronnos que os cegos relataban

historias coa zanfona mentres uns axudantes movían monicreques ao son da música.

A banda fixonos unha representación cunha zanfona de verdade, que viña dun instrumento antigo chamado organistrum. Tamén tocaron algunhas przas cos instrumentos que traían coma a gaita, o pandeiro, o acordeón e o clarinete.

Todo iso gustoume moito e ademais de aprender, pasei un rato moi divertido.

ACTUACIÓN MUSICAL



ALBERTO BOTANA 6ºA



O día trinta e un de xaneiro saímos do colexio para ir ver a película *Cars* (Proxecto Cinensino), na aula de cultura de Caixa Galicia.

O protagonista da película é Rayo McQueen, un bólido de carreiras novato e egoísta que participa por primeira vez na Copa Pistón, o gañador sería patrocinado pola empresa DINOCCO.

Nesa carreira quedaron empatados tres coches e o desempate tiñase que facer en California, Rayo McQueen estaba a piques de conseguilo.



Cando el se dirixía a California nun camiión Mack, quedoselle durmido e Rayo caeu del. Rayo tamén se quedara durmido, cando despertou encontrouse nun pobo medio abandonado e case deserto chamado Radiador Spring onde nunca ían clientes por alí, enganouse cunha fonte e levantou a calzada.

O día seguinte espertou cun cepto no desguace, alí viu a unha grúa chamada Tom Mate que se fixo o seu amigo. Mate levouno a un xuízo onde o xuíz, Doc declarou que tiña que asfaltar a calzada pero, deixaron que se quedase no hotel.

O que Rayo non sabía era que en todas as noticias decíase que estaba desaparecido.

Cando rematou o xuízo Mate enganouno a unha asfaltadora apisonadora. O día seguinte dixo que xa asfaltara, mais non era verdade porque estaba peor que antes. Rayo retou a Doc a unha carreira, o que non gañase asfaltaría a calzada (Gaño Doc).

Os cinco días despois xa asfaltara a calzada. Rayo entrou no garaxe de Doc a dicírlle e viu que Doc era Doc Hudson, o famoso corredor. Tamén viu tres Copas Pistón que él gañara.

Despois foi a dar con Sally e decidiu quedarse.

Doc non quería que él se quedase, entón, chamou á prensa e o día seguinte estaban moitos reporteiros e periodistas que o interrogaban.

En Radiador Spring Rayo aprende o que significa amor e amizade.

Ó pouco tempo xa o levaba Mack a California. O día seguinte xa estaba en California para correr a copa Pistón. Doc Hudson, arrepenido, veu a ver a carreira e, Luigi e o seu axudante (que eran os mecánicos de Radiador Spring) eran os de boxes.

A carreira iba moi ben e Rayo ía en cabeza. Cando estaba apunto de gañar, viu na pantalla que un dos seus contrincante se botara fora e, deu un frenazo en seco e foi a axudalo.

Cando rematou a película chegamos ó colexio ás dúas.

A película gustounos moito e nela aprendemos que hai cousas máis importantes que gañar ou perder.



EDUCACIÓN VIAL



O pasado día vinte e sete de febreiro, os/as alumnos/as da clase de 5º B fomos ao recinto do Mercado de Amio para participar nun Programa de Educación Vial organizado polo Concello.

Ás dez da mañá comezamos cunha charla que nos deron dous axentes da policía local o cabo Anselmo e a axente Ana sobre as precaucións que temos que ter os peóns, os conductores e os pasaxeiros cando usamos as vías públicas. Comentáronnos algunhas sinais de tráfico e puxéronnos un vídeo de sobre como hai que conducir as bicicletas por diferentes tipos de estradas.

Déronnos algunhas recomendacións de cómo: camiñar polas beirarrúas e as zonas peonís, cruzando polos pasos de peóns e sempre co semáforo en cor verde; non entrar nunca bruscamente na calzada; cruzar polo lugar máis seguro, mirando sempre antes de cruzar; nas estradas camiñar pola esquerda; levar sempre o cinto de seguridade abrochado e ir ben sentados cando viaxamos en coche; non distraer ao conductor e ter bo comportamento como pasaxeiros de coche ou de autobús.

Despois distribuídos en grupos visitamos un camiión dos bombeiros, donde nos explicaron como funcionaba e os utensilios que utilizan para apagar os incendios, sacar a xente que queda atrapada nos coches cando hai un accidente etc. Visitamos tamén unha ambulancia do 061 así coma un coche da policía.

intermitentes. Primeiro demos unha volta ao circuíto e despois xa circulamos polas rúas que fixeran eles mesmos nas que había semáforos e sinais de tráfico.


Para rematar regaláronnos unhas placas infantís de policía, una carnet de conducir e un libro. Logo subimos ao autobús e de volta ao colexio.



Logo o sarxento Anibal que nos esperaba no circuíto de karts ensinounos os sinais que tiñamos que facer co brazo esquerdo para xirar á esquerda, á dereita ou para parar, pois os karts non teñen

Grazas a esta visita aprendemos a importancia, para a nosa seguridade e a dos demais, de respectar as sinais e as normas de tráfico.

TEATRO



O día 15 de marzo tivo lugar no noso Colexio a representación da obra de teatro "Lobos de Mentira". A obra, patrocinada por Xerais, puidérona ver en dúas sesións os alumnos de educación infantil e primeiro ciclo de primaria.



MERLIN

SORPRESA!

O pasado martes, chamaron ás portas das nosas aulas de Educación Infantil.

Tedes que subir ao salón de actos.

¿Para que?, comezamos a preguntarnos todos. É que alguén quere vervos alí.

Puxémonos en fila, e un pouco "mosqueados" fomos para aló. Antes de entrar, Ángeles, Sandra e Fè diciannos pero ¿quen será o que nos quere ver? .

Ao mellor é o director, comentou Pablo.

Non, non, eu vino abaixo, respondeu Xiana.

Xa sei, engadiu María. Será a profe Sandra que o mellor quérenos contar o conto dos "Sete Cabritiños",

Non pode ser, dixo Brais.

Entón ¿quen será?.

Entramos na aula e todo estaba a escuras e en silencio, soamente vimos moitas velas, ¡case tiñamos algo de medo!, menos mal que estaban alí as nosas mestras para tranquilizarnos.

Ó pouco todo quedou en silencio e empezamos a oír un ruído: "pum" "pum"...Entón Ángeles, subiuse ao escenario, empezou a asexar tras das cortinas e viu

algo, a verdade é que case non era capaz de falar, o que había deixouna sen palabras. Pouco a pouco a cortina comezou a abrir e alí o vimos: era O MAGO MERLÍN.

Viña vestido cun traxe azul longo cheo de estrelas e de lúas, tamén levaba un gorro de punta. Parecía moi velliño polo seu pelo e as súas grandes barbas brancas.

Tamén tiña un moucho co que falaba de vez en cando, chamábase Arquimides. Na outra man levaba un gran pau que nos dixó era dun carballo e tamén tiña un saco cheo de herbas.

O Mago Merlin comezou a falar e contounos a súa historia. Dixonos que o enviaba Tascel (que é un druída amigo noso) e que el tamén era un druída. Contounos que naceu en Gales e que o seu pai ensinoulle a facer maxia. Dixonos que lle gusta moito a natureza e que debemos coidala sempre.

E, ¿sabedes un segredo?: "cando vexades un carballo, estades vendo o Mago Merlin", xa que el, está sempre dentro del. Fixonos unha "pócima" con herbas para ser guapos por dentro. As herbas estivoas recollendo todo a noite, por iso estaba tan canso.

Vouvos contar o segredo da "pócima", para que cando vos lavedes a cara con ela sexades tan guapos coma nós.

As herbas que tiña eran: Romeo, Lavanda, Follas de limoeiro, Anís e menta, Pétalos de rosa, Ollos de tritón, Pó de unicornio (como case non quedan pediulle un pouquiño as fadas).

Despois meteuno nunha gran pota remexeu e remexeu coa súa culler máxica, e despois ensinounos as súas palabras máxicas para que as dixéramos todos xuntos:

"ABRACADABRA PATA DE CABRA" "OCUS POCUS"...

Cando a pócima estaba feita subimos xunto ao Mago Merlin, que coas súas mans lavounos a todos a cara. Dende ese día somos moi, pero que moi guapos por dentro.

Antes de marchar deunos tres consellos que eran:

- Utilizar o poder para facer o ben ós demais.
- Estudar ciencias e letras para ter sabiduría de abondo.
- AMOR E COIDADO A NATUREZA.

Dende aquí queremos darlle as grazas de todo corazón a quen soubo vestirse por fóra, coa maxia que leva sempre por dentro.

GRAZAS MAGO MERLÍN

"PLANTANDO LIBROS"

O día 18 de xaneiro, os alumnos de 5ºB fomos á inauguración da exposición "Plantando libros". O Centro Cultural está na rúa Frei Rosendo Salvado. As persoas que estaban alí eran o Sr Luís Bará, Director Xeral de Creación e Difusión Cultural, a Sra. Elvira Cienfuegos López, Concelleira de Educación e Mocidade, e o Sr. Óscar Villán, ilustrador e membro da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración .



En primeiro lugar, un contacontos chamado Anxo, contounos unhas historias moi simpáticas sobre o lobiño tarabelo, o trasno do lixo, o trasno do lume...Despois todas esas persoas que nomeamos ao principio faláronos sobre o uso que ía ter ese centro. Tamén faláronos sobre a importancia que ten a reciclaxe para o coidado e conservación do medioambiente.

A continuación tomamos uns aperitivos para despois marchar á biblioteca. Nela ensináronnos todas as súas partes, puidemos explorala nós mesmos e incluso ler algúns libros.

Máis tarde o ilustrador Óscar Villán, mostrounos a exposición e falounos sobre aqueles debuxos.

Nesta exposición en lugar de que os escritores fagan un conto e os ilustradores o ilustren, os ilustradores fixeron un debuxo e os escritores o conto sobre o debuxo. Finalmente déronnos uns libros para ler na clase ou na casa e despedímonos de todo o mundo.



Voltamos sobre as 13:10.

Titeres no Yago



IRIA CURROS
1ºA



O paladín de Francia

Había unha princesa chamada Blancaflor que vivía co príncipe Reinaldo e os seus soldados.
Tamén había un malo que vivía no castelo.
No castelo celebraba unha festa a que asistiron Reinaldo e os soldados.
Durante a festa o malo secuestrou a Blancaflor e levouna a unha illa.
Reinaldo e os seus soldados foron a rescatala alí estaba un dragón máxico que os converteu en pedra.
Despois o mago Veluberli salvounos, rescataron a Blancaflor e foron felices.



MÚSICA TRADICIONAL

O día 13 de febreiro, todos os nenos e nenas de 2º, fomos ao Auditorio de Galicia a un concerto de música galega. O grupo Ultraia, ensinounos como eran os instrumentos musicais que tocaban os nenos os homes e as mulleres. Os instrumentos dos nenos eran o birimbao, unha frauta feita con palla de centeo e distintas gaitas. Os das mulleres eran a pandeireta, o pandeiro e o bombo. Os homes tocaban sobre todo as gaitas que as había de distintas clases.

Había dous tipos de traxes, os de garda e os de traballo ou de cotío. Os de garda eran para os días de festa e eran moi bonitos. Os de cotío estaban feitos con tea de liño. Tamén bailaron xotas e muiñeiras. O que máis me chamou a atención foi que tocaran unha folla de hedra.



ANA CARREIRA 2ºA

Pasámolo moi ben.



O martes 13 de febreiro, 1º e 2º de EP fomos ao Auditorio de Galicia a un concerto didáctico do Obradoiro de Cultura Tradicional

ULTREIA de Santiago. Aprendimos moitísimas cousas da nosa cultura: instrumentos tradicionais, cantigas, bailes, traxes... Os instrumentos tradicionais galegos divídense en dous grupos: os dos nenos e os dos adultos. As gaitas de alcacén feitas coas pallas de centeo máis a gaita de cana ou sabugueiro feitas co pelexo dun cabrito ou coa bincha dun porco e a frauta de canaveira son instrumentos de nenos.

A folla de Hedra ou de limoeiro, a gaita simple, a gaita de catro voces, a gaita de rosca e a gaita de barquin, a trompa ou birimbao, o tambor e o bombo son instrumentos dos homes. As castañolas ou pitas, as latas de pementón, a pandeireta e as cunchas son instrumentos das mulleres. Ao son da música bailaron a Pirusalda e unha xota. Vestían o traxe típico e nos pés zocos. Esparabán que é unha danza agarrada, máis unha carballeira. Este baile foi o que máis me gustou pois a música e moi divertida. Soaban dúas gaitas, caixa, bombo con pratos e clarinete. Xa para rematar o concerto bailaron un pasodoble e unha muiñeira ao son da charanga.

Foi unha mañá moi divertida.

Para expoñer todo isto tiven a axuda de Edith, a miña tía, a que tanto quero e me quere. Edith forma parte deste grupo Ultraia e ninguén mellor que ela para axudarme a facer este traballo.

Saída ao Auditorio
Hoxe fomos ao Auditorio de Galicia.
Había moitos instrumentos como:
a gaita, pandeireta, frauta, tam-
bor, castañolas... Bailaron bailes tra-
dicionais como estes: a muiñeira
a xota e pasodoble... Os vestidos
das mulleres eran moi fermosos e
os dos homes tamén.

CARME POSE 2ºC

DECLARACIÓN DO MILENIO



En setembro do ano 2000, os países reunidos na Asemblea das Nacións Unidas aprobaron a DECLARACIÓN DO MILENIO. Neste documento fixéronse oito obxectivos a acadar entre os anos 1990 e 2015. Con eles se queren combater a pobreza, a fame, as doenzas, o analfabetismo, a degradación do medio e a discriminación da muller. Se coñecen co nome de "OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO DO MILENIO" (ODM) e incorporan a definición dunhas metas (18) que permiten medi-los avances e retrocesos en cada unha das propostas.

1. ERRADICAR A POBREZA EXTREMA E A FAME.
2. LOGRAR O ENSINO PRIMARIO UNIVERSAL.
3. PROMOVER A IGUALDADE ENTRE XÉNEROS
4. REDUCIR A MORTALDADE INFANTIL.
5. MELLORAR A SAÚDE MATERNA.
6. COMBATER A SIDA, O PALUDISMO E OUTRAS DOENZAS.
7. GARANTIR A SOSTIBILIDADE DO MEDIO AMBIENTE.
8. FOMENTAR A ASOCIACIÓN MUNDIAL PARA O DESENVOLVEMENTO.

España foi un dos países que se comprometeu ao cumprimento destes obxectivos. Son moitas as ONGD's que levan a cabo campañas de sensibilización e coñecemento dos ODM; pois estes só se poden acadar coa colaboración de tódalas institucións e organismos desde a ONU ata os gobernos, pasando por nos mesmos. Unha destas ONGD's foi "Jóvenes del Tercer Mundo" que leva a cabo

unha campaña no ámbito da educación, para todos os nenos e nenas en idade escolar. O principal obxectivo é educar e sensibilizar ante os compromisos asumidos nos ODM, as situacións e problemáticas ás que queren dar resposta e promover o compromiso colectivo e persoal na consecución efectiva dos mesmos. Par a consecución deste obxectivo contamos coa visita dunha voluntaria, Inma, unha exposición, obradoiros, visionado de documentais e traballo na aula. Este curso imos traballar sobre o primeiro deles.

Obxectivo 1: ERRADICAR A POBREZA E A FAME

- Reducir á metade, entre 1990 e 2015, a porcentaxe de persoas con ingresos inferiores a 1 dólar por día.
- Reducir á metade, entre 1990 e 2015, a porcentaxe de persoas que padecen fame.

A simple vista parece doado alcanzar calquera das dúas metas, iso pensabamos nos antes de coñecer as que chamamos as "cifras da vergoña". Estas son: 1200 millóns de persoas subsisten con menos de 1 dólar por día. 800 millóns sofren desnutrición (non comen o suficiente). 153 millóns de nenos menores de 5 anos teñen un peso insuficiente. 10 millóns de nenos morren anualmente antes cumprir os cinco anos. O 10% da poboación mundial goza do 70% das riquezas do planeta.

A pobreza extrema sigue sendo unha realidade cotiá para moitas persoas; son moitos os que carecen dunha alimentación suficiente para satisfacer as súas necesidades enerxéticas diarias. En África e Asia hai mais pobres ca antes. Hai que lembrar que os 3/4 das persoas máis pobres viven en Asia. En América Latina e no Caribe a situación tampouco mellorou. Nalgúns países atopáronse vías para lograr o cumprimento do obxectivo e outros están a progresar satisfactoriamente.

No caso dos nenos pequenos, a falta de alimentos pode ser perigosa porque retarda o seu desenvolto físico e mental e pon en perigo a súa supervivencia. Os progresos observados neste caso foron moi lentos.

Tal vez para moitos estas sexan unhas metas irrealis pero para a maioría de nos superar a pobreza e a fame é un obxectivo alcanzábel si aceleramos os nosos esforzos agora mesmo.